



CIG-SAÚDE exige que o SERGAS negocie o Plano de Reactivación Asistencial en Atención Primaria en relación coa Infección polo virus SARS-CoV-2.

Desde a Dirección de Recursos Humanos e desde o Consello Técnico de Primaria recibimos un documento que, segundo a Administración, **pretendía ser o plano de actuación cara as/os profesionais de Atención Primaria para atender á COVID 19**, para que enviáramos alegacións.

Pero o SERGAS xa **presentou unha nova versión do documento**, sen ter en conta ás nosas alegacións, que parece que ten por obxectivo **volver ao funcionamento da Atención Primaria** previo á crise.

CIG-Saúde non quere volver á situación previa, quere aportar para construír unha nova organización da Atención Primaria que teña en conta o aprendido coa crise sanitaria.

Esperemos que **o SERGAS non confunda a información coa negociación e a participación das/os profesionais de Atención Primaria.**

Para a CIG-SAÚDE non se vence ao SARS-CoV-2 con declaracións de intencións.

Para a CIG-Saúde, estes son os OBXECTIVOS da estratexia de reactivación da actividade asistencial en Atención Primaria:

- **Reducir o risco de contaxios** por SARS-CoV-2 o máximo posíbel tanto á poboación como as/os profesionais.
- Dirixir a actividade fronte ao COVID-19 á **detención de casos e investigación de contactos** que faciliten o illamento individual.
- **Reiniciar a actividade clínica** coas/os doentes con problemas de outras patoloxías.
- Iniciar **plans de cobertura de poboación vulnerable**.

Conxuntamente con estas medidas asistenciais, URXE NEGOCIAR:

- Un **Plano de Ordenación de Recursos Humanos** para identificar as necesidades de persoal, de todas as categorías, para dotar con prazas estables a Atención Primaria.
- A dotación dun **Orzamento propio para a Atención Primaria**.
- A creación da **Xerencia de Atención Primaria**, para poder desenvolver os programas de saúde sen seguir supeditada aos obxectivos do hospital.
- A **prevención de Riscos Laborais**. A seguridade e protección das/os profesionais é unha obriga do SERGAS, esta non pode estar supeditada á dispoñibilidade de material.



Reiteramos, o SERGAS ten obriga de NEGOCIAR estes temas coa representación sindical no ámbito da Mesa Sectorial, e coas/os profesionais no Consello Técnico de Atención Primaria.

